

De conformidade có previsto nos artigo 12 do R.D.Lvo. 2/2004 e 87 e 88 do Regulamento Xeral de Recadación, do 20 de decembro de 1990, comunicaselle ós contribuintes afectados que o período voluntario de cobranza destas taxas será do día 20 de outubro de 2006 ó 20 de decembro de 2006, ámbos-dous inclusive.

As taxas satifaranse ó abeiro dos arts. 86 e ss. do Regulamento Xeral de Recadación a través da entidade bancaria na que o beneficiario teña domiciliado o pago. Así mesmo, contra a liquidación incluída no recibo, poderá formularse recurso de reposición no prazo dun mes dende a publicación deste anuncio no BOP. De non producirse resolución expresa deste recurso no prazo dun mes dende a presentación entenderase desestimado, podendo os interesados interpoñer directamente Recurso Contencioso-Administrativo.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do art. 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O vencemento do prazo do período voluntario sen ter sido satisfeita a débeda determinará o comezo do procedemento executivo, a percepción do recargo correspondente e demais conceptos esixidos tal e como se fixan nos arts. 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Meaño, a 10 de outubro de 2006.—O Alcalde, Jorge Domínguez Rosal. **2006009543**

* * *

M E I S

E D I C T O

ADXUDICACIÓN CONCURSO DEPURADORA AUGAS RESIDUAIS EN SAN MARTIÑO

De conformidade co disposto no artigo 93.5 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2000 do 16 de xuño, publícase a adxudicación do seguinte contrato de depuradora de augas residuais en San Martiño:

MODALIDADE DE ADXUDICACIÓN

Procedemento aberto na forma de concurso e tramitación urxente.

DATA DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

17-09-04.

EMPRESA ADXUDICATARIA

“Galaico Europea de Ingeniería y Medio Ambiente S.L.”

Prezo: 87.384,93 euros.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Meis, 16 de outubro de 2006.—O Alcalde, José Luis Pérez Estévez. **2006009699**

E D I C T O

ADXUDICACIÓN CONCURSO DEPURADORA AUGAS RESIDUAIS EN ARMENTEIRA

De conformidade co disposto no artigo 93.5 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2000 do 16 de xuño, publícase a adxudicación do seguinte contrato de depuradora de augas residuais en Armenteira:

MODALIDADE DE ADXUDICACIÓN

Procedemento aberto na forma de concurso e tramitación urxente.

Data de adxudicación do contrato: 26-10-05

Empresa adxudicataria: “Cotragua S.L.”

Prezo: 130.262,96 euros.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Meis, 16 de outubro de 2006.—O Alcalde, José Luis Pérez Estévez. **2006009700**

* * *

MOAÑA

A N U N C I O

O Concello en Pleno en sesión de data 29 de xuño de 2006, aprobou inicialmente a Ordenanza municipal de Circulación do Concello de Moaña, que foi sometida a información pública por 30 días hábiles, mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia nº 149 de data 4 de agosto de 2006. No período de exposición pública non foron presentadas alegacións, co cal enténdese definitivamente aprobada a citada Ordenanza. Contra a aprobación definitiva da Ordenanza, que pon fin á vía administrativa, poderá presentarse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no BOP, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquer outro que estimen convinte. A presente ordenanza entrará en vigor, unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da provincia, transcorrido o prazo de 15 días hábiles previsto polo artigo 65.2 da Lei 7/85, permanecendo en vigor ata que o Pleno da Corporación acorde a súa modificación ou derogación.

O texto íntegro da ordenanza aprobada definitivamente transcribese como segue:

ORDENANZA MUNICIPAL DE CIRCULACIÓN**ÁMBITO DE APLICACIÓN**

ARTIGO 1.—As normas de esta Ordenanza, que complementan o disposto no R.D.Lexislativo 339/90 de 2 de marzo, Texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, serán de aplicación a tódalas vías urbanas de Moaña e/ou de titularidade municipal.

O ámbito de aplicación desta ordenanza obrigará ós titulares e usuarios das vías e terreos públicos urbanos e nos interurbanos nos que a súa competencia fose cedida ó Concello, aptos para a circulación, ós das vías e terreos que, sen ter tal aptitude sexan de uso común e, en defecto doutras normas, ós titulares das vías e terreos privados que sexan utilizados por unha colectividade indeterminada de usuarios.

Entenderase por usuario da vía ós peóns, condutores, ciclistas e calquera persoa que realice sobre a vía ou empregue a mesma para o desenvolvemento de actividades de natureza diversa, que precisaran para o seu exercicio da autorización municipal.

SINALIZACIÓN

ARTIGO 2.—A sinalización das vías urbanas corresponde á autoridade municipal

1. Os sinais preceptivos colocados ás entradas da Poboación, rixen para todo o término municipal, agás da sinalización específica para unha rúa ou tramo de ésta.

2. Os sinais que estén nas entradas das illas de peóns ou zonas de circulación restrinxida rixen en xeral para todos os seus respectivos perímetros.

3. Os sinais dos Axentes da Policía Local prevalecen sobre calquera outra.

ARTIGO 3.—1. Queda prohibida a colocación de calquer sinal sen a previa autorización municipal.

2. Somentes se poderán autorizar os sinais informativos que, a criterio da Autoridade Municipal, teñan un auténtico interese público.

3. Queda prohibida a colocación de publicidade nos sinais o xunto eles.

4. Prohíbese modifica-lo contido dos sinais, a colocación de toldos, carteis, anuncios e instalacións en xeral que deslumbren, impidan ou limiten a tódolos usuarios, a normal visibilidade de semáforos e sinais, ou podan distrae-la súa atención.

ARTIGO 4.—O Concello procederá á retirada inmediata de toda aquela sinalización que non esté debidamente autorizada ou non cumpla as normas en vigor. E isto, tanto para os sinais antiregulamentarios coma para as regulamentarias con defectos de forma, colocación ou deseño do sinal ou cartel.

ACTUACIÓNS ESPECIAIS DA POLICÍA LOCAL

ARTIGO 5.—A Policía Local, por razóns de seguridade ou de orde público, ou ben para garanti-la fluidez da circulación, poderá modificar eventualmente a ordeación existente naqueles lugares onde se produzan grandes concentracións de persoas ou vehículos, e tamén en casos de emerxencia. Con este fin poderán colocar ou retirar provisionalmente os sinais precisos, así como toma-las oportunas medidas preventivas.

OBSTÁCULOS NA VIA PÚBLICA

ARTIGO 6.—Prohíbese a colocación na vía pública de calquera obstáculo ou obxecto que poida dificultar a circulación de peóns e vehículos.

No caso de que sexa imprescindible a instalación de algún impedimento na vía pública, será necesaria a previa obtención de autorización municipal, na que se determinen as condicións que se deben cumprir.

ARTIGO 7.—Todo obstáculo que dificulte a libre circulación de peóns ou vehículos, deberá estar debidamente protexido, sinalizado e, en horas nocturnas, iluminado para garanti-la seguridade dos usuarios.

ARTIGO 8.—Por parte da Autoridade Municipal poderase proceder á retirada de obstáculos, con cargo ós gastos do interesado, cando:

1. Non se obtivese previamente a correspondente autorización.

2. Se extinguiran as circunstancias que motivaron a colocación do obstáculo ou obxecto.

3. Se sobrepase o tempo autorizado pola licenza correspondente ou non se cumplan as condicións fixadas nesta.

P E Ó N S

ARTIGO 9.—A.—Os Peóns transitarán polas beirarrúas e andéns a eles destinados, pola súa dereita. Excepcionalmente poderán circular polas beirarrúas sempre que adopten as debidas precaucións e non produzan perturbación grave na Circulación, nos supostos seguintes:

1. Cando leven obxectos voluminosos que poideran constituir, se circularan pola beirarrúa, un estorbo de importancia para os demais peóns.

2. Os grupos de peóns que formen un cortexo.

3. Os inválidos que se desplacen nunha cadeira de rodas.

4. Cando non existiran zonas para a circulación de peóns, poderán transitar pola calzada polo lugar máis alonxado do seu centro.

5. Os peóns que precisen cruza-la calzada farano coa máxima dilixencia, sen deterse nin entorpecer ós demais usuarios, nin perturba-la circulación.

B.—Os peóns en todo caso adoptarán as prescripcions seguintes:

1. Nos pasos regulados por semáforos deberán obedecer-las indicacións das luces, non penetrando no paso ata que o sinal dirixida a eles llo autorice.

2. Nos pasos regulados por Axente deberán, en todo caso, obedecer-las indicacións que sobre o particular efectúen éstos.

3. Nos restantes pasos, non deberán penetrar na calzada sen cercionarse previamente, á vista da distancia e velocidade a que circulen os vehículos máis próximos, que non existe perigo en efectualo cruce.

4. Cando non exista paso para peóns sinalizado nun radio de acción de 50 metros, o cruce se efectuará polas esquinas e en dirección perpendicular ó eixo da vía.

5. Quedan prohibidos na vía pública os xogos de pelota, uso de patíns, monopatíns, etc., salvo naqueles lugares expresamente autorizados pola Autoridade Municipal. Queda así mesmo prohibido o tránsito dos mesmos pola vía pública.

P A R A D A

ARTIGO 10.—Toda parada estará sometida ás seguintes normas:

1. Enténdese por parada toda inmovilización dun vehículo durante un tempo inferior a dous minutos, sen que o conductor poida abandoalo. A parada deberá efectuarse de tal maneira que o vehículo non obstaculice a circulación nin constitúa un risco para o resto dos usuarios da vía.

2. En calquer caso, a parada deberá facerse situando o vehículo ó lado da beirarrúa da dereita, según o sentido da marcha, agás nas vías dun só sentido de circulación. Os pasaxeiros deberán baixar e embarcar polo lado correspondente á beirarrúa.

3. En tódalas zonas e vías públicas, a parada se efectuará nos puntos onde menos dificultades se produzan á circulación; e nas rúas con chaflán, xustamente no mesmo, sen sobresaír da alineación das beirarrúas. Exceptúanse os casos nos que os pasaxeiros estén enfermos ou impedidos, ou se trate de servizos públicos de urxencia ou de camións do servizo de limpeza o de recolleita do lixo.

4. Nas rúas urbanizadas sen beirarrúa deixarase libre unha distancia mínima dun metro dende a fachada máis próxima ata o vehículo que efectúa a parada.

5. Os autotaxis estacionarán na forma e lugares reservados ó efecto que determine a ordenanza reguladora do servizo, e nos supostos nos que o servizo requira facer unha parada se seguirán as normas xerais da presente ordenanza.

6. Os autobuses unicamente poderán deterse para tomar e deixar pasaxeiros nas paradas expresamente determinadas e sinalizadas pola Autoridade Municipal, quen poderá suprimilas ou modificalas por razóns de interés público.

7. O Concello establecerá as paradas do Transporte Escolar, prohibíndose a súa realización fora dos lugares habilitados e sinalizados ó efecto.

ARTIGO 11.—Queda prohibida totalmente a parada:

1. Nas curvas e cambeos de rasante de visibilidade reducida, e nas súas proximidades.

2. Nos pasos para ciclistas e pasos para peóns.

3. Nas partes da vía reservados para o servizo de determinados usuarios: nas zonas de peóns, nas paradas de transporte público ou de taxis.

4. Nas interseccións e nas súas proximidades.

5. Nos lugares onde se impida a visibilidade da sinalización ós usuarios ós que afecte ou obrigue a facer manobras.

6. En dobre fila.

7. Nos refuxios, isletas, medianas, elementos canalizadores do tráfico e zonas sinalizadas con franxas no pavimento tanto se é parcial como total a ocupación.

8. Nos lugares de paso de diminuídos físicos.

9. Nos lugares onde o prohiba a sinalización correspondente.

10. Naqueles outros lugares onde se obstaculice gravemente a circulación ou constitúa un perigo para a mesma, aunque sexa por tempo mínimo.

11. Cando a distancia entre o vehículo e o borde oposto da calzada ou unha marca lonxitudinal sobre a mesma que indique prohibición de atravesala sexa inferior a tres metros ou, en calquer caso cando non permita o paso doutros vehículos.

12. Cando se impida incorporarse á circulación a outro vehículo debidamente parado ou estacionado.

13. Cando se obstaculice a normal utilización do paso de saída ou acceso a un inmovible de persoas ou animais.

14. Cando se obstaculice a normal utilización do paso de saída ou acceso a un inmovible de persoas ou de vehículos debidamente sinalizado co sinal de pasaxe permanente correspondente.

15. Cando se faga fronte ás entradas e saídas de lugares destinados a espectáculos ou actos públicos de gran afluencia debidamente sinalizados.

16. Cando se faga diante das saídas de emerxencia de establecementos públicos, debidamente sinalizadas.

17. No medio da calzada, nun dos carrís de circulación.

APARCAMENTO

ARTIGO 12.—Enténdese por aparcamento toda inmovilización dun vehículo que non se atopa en situación de detención ou parada.

1. Nas vías de dobre sentido de circulación, o aparcamento, cando non estivera prohibido, efectuaranse ó lado dereito do sentido da marcha. Nas vías dun só sentido de circulación, e sempre que non exista sinal en contrario, o aparcamento poderá realizarse en ámbolos dous lados da calzada, sempre que se deixe unha anchura para a circulación non inferior a tres metros.

2. Os vehículos poderán estacionar en fila, é dicir, paralelamente á beirarrúa; en batería, é dicir, perpendicular a aquela; e en semibatería, oblicuamente.

A norma xeral é que o estacionamento se fará en fila. A excepción a esta norma deberá sinalizarse expresamente.

3. Nos aparcamentos con sinalización no pavimento, os vehículos colocaranse dentro do perímetro marcado.

4. Os vehículos, ó aparcar, colocaranse tan preto da beirarrúa como sexa posible, pero deixando un pequeno espazo para permiti-la limpeza desa parte da calzada.

Así mesmo non se poderá aparcar un vehículo a unha distancia menor de trinta centímetros doutro.

5. En todo caso, os conductores deberán aparcarlo seu vehículo de xeito que non poida poñerse en marcha espontaneamente nin o poidan mover outras persoas. A tal obxecto debrán tomalas precaucións pertinentes. Os conductores serán responsables das infraccións que poidan chegar a producirse como consecuencia dun cambio da situación do vehículo por algunha das causas mentadas, salvo que ésta se produxera por unha acción de terceiros con violencia manifesta.

6. Non se poderán aparcar nas vías públicas os remolques separados do vehículo a motor.

7. Os vehículos destinados ó transporte de viaxeiros ou de mercadorías de calquera natureza con Peso Máximo Autorizado (P.M.A.) superior a 3.500 kgs. non poderán aparcar nas vías públicas urbanas, agás nos lugares expresamente autorizados pola Administración Municipal.

8. A autoridade municipal poderá reservar distintas zonas das vías públicas para que o aparcamento nas mesmas sexa autorizado por un tempo limitado, mediante o correspondente sinal. O aparcamento nestas zonas regularase mediante o control electrónico: este consistirá nun parquímetro no que o conductor do vehículo deberá dar de alta o seu vehículo á hora de aparcalo, e dalo de baixa cando vaia abandona-lo aparcamento. No caso de que o parquímetro facilite algún xustificante da es-

tadía autorizada neste aparecerá a data e a hora e minutos, tanto de entrada como da hora límite na que deberá abandonalo. O conductor do vehículo está obrigado a coloca-lo elemento de control que se determine (se é un soporte físico), nun lugar da parte interna do parabrisas que permita totalmente a visibilidade dende o exterior, (enriba do salpicadeiro).

O tempo máximo de permanencia dun vehículo en ditas zonas será de unha hora e media.

Quedan excluídos desta limitación, os vehículos oficiais da Policía Local. E aqueles autorizados expresamente pola Concellería de Tráfico do Concello de Moaña.

Unha vez rematado o tempo máximo de utilización, o vehículo deberá abandona-lo aparcamento e non poderá volver a aparcar na mesma zona, ata trascorridas alomenos dúas horas, contadas a partir da saída do vehículo da zona do aparcamento limitado.

O horario de limitación de aparcamento e os lugares onde se aplique esta limitación serán os establecidos pola Concellería de Tráfico do Concello, e aparecerá nos paneis informativos correspondentes. Así mesmo os ditos aparcamentos estarán pintados de cor azul, para que a súa distinción sexa máis doada. En todo caso non terán vigor as limitacións de horario os domingos e días festivos.

Calquera manipulación do sistema de control non contemplada nesta Ordenanza levará consigo a denuncia do vehículo por aparcar en zona de aparcamento limitado sen a correspondente autorización.

9. O aparcamento de vehículos realizarase sempre no sentido de circulación que esté permitido na vía ou no carril de circulación máis preto do aparcamento.

10. Por parte do Concello poderanse conceder, previa solicitude e pagamento das taxas correspondentes por parte do interesado e informe da policía local, autorización para reserva de vía pública como aparcamento para servizo privado. Que na autorización estarán especificados os metros cadrados reservados, a súa localización exacta, e o tempo polo que lle é concedida a mesma. Normalmente as autorizacións de reserva terán un horario de luns a sábado de 09.00horas a 21.00horas, agás festivos.

Estas reservas de aparcamento serán concedidas á empresas ou negocios relacionados coa compra-venda ou reparación de vehículos, e nas mesmas non podrán estar aparcados vehículos que non esten en perfecto estado para circular. Tamén poderán ser concedidas a empresas, institucións e particulares cando o interese público o faga necesario, e previa cesión por parte do Concello de Moaña.

Que a sinalización do mesmo será a conta do titular do mesmo, nas mesmas condicións que o establecido para os pasaxes permanentes.

Que será sinalizado cun sinal vertical de información de aparcamento reservado, cunha placa no que se especifique o horario do reservado, e o número de prazas que comprende. E con bordillo pintado de amarelo.

Ó remate do tempo limitado de reserva de aparcamento esté deberá quedar libre dos ditos vehículos para poder ser utilizado por calquera conductor.

ARTIGO 13.—Queda absolutamente prohibido o aparcamento nas seguintes circunstancias:

1. Nos lugares onde o prohiben os sinais correspondentes.
2. Onde esté prohibida a parada.
3. Cando o estacionamento se efectúe no medio da calzada, ocupando total ou parcialmente un carril de circulación.
4. Naquelas rúas onde a calzada só permita o paso dunha columna de vehículos.
5. Nas rúas de dobre sentido de circulación nas que o ancho da calzada só permita o paso de dúas columnas de vehículos.
6. Nas interseccións ou nas súas inmediacións, ou cando se moleste o xiro doutros vehículos.
7. Nas beirarrúas, andéns, refuxios, paseos, zonas excluídas ó tráfico e zonas sinalizadas con franxas no pavimento, ou ó lado das mesmas.
8. Nas zonas sinalizadas como reserva de carga e descarga de mercadorías, durante as horas de utilización.
9. Nas pasaxes permanentes, impedindo ou dificultando o seu uso normal.
10. Nun mesmo lugar por máis de oito días consecutivos.
11. Nas zonas que vaian ser eventualmente ocupadas para actividades autorizadas, ou obxecto de reparacións, sinalización ou limpeza. Nestes supostos se dará publicidade á prohibición polos medios de difusión oportunos e mediante a colocación de avisos nos parabrisas dos vehículos estacionados. Esta publicidade previa efectuarase cunha antelación de cinco días, salvo casos de xustificada urxencia.
12. Cando o aparcamento se efectúe nunha parada de transporte público sinalizada e delimitada.
13. Cando se aparque en dobre fila.
14. Cando se aparque en lugares perigosos ou obstaculizando gravemente a circulación.
15. Nos lugares onde se impida a visibilidade da sinalización ou obrigue a realizar manobras anti-regulamentarias.
16. Nos pasos para peóns, diminuídos físicos ou ciclistas; e nos carrís ou partes das vías reservados

exclusivamente para a circulación ou para o servizo de determinados usuarios.

17. Cando se aparque impedindo a saída doutros vehículos aparcados regulamentariamente.

18. Nos lugares reservados para a instalación de contedores, debidamente sinalizados.

19. Impedindo ou dificultando o acceso ós inmo- bles por parte dos peóns.

20. Cando se aparque en lugares reservados para determinados usuarios.

21. Cando se aparque a caróns dos contedores do lixo, dificultando ó acceso a estes.

ARTIGO 14.—As motocicletas e ciclomotores aparcarán sempre en batería ou en semibatería no caso de aparcamento autorizado en liña ou en oblí- cuo, ocupando un ancho máximo de metro e medio. Cando se estacione unha motocicleta ou un ciclo- motor entre outros vehículos, farase de forma que non impida o acceso a estes últimos.

INMOBILIZACIÓN E RETIRADA DE VEHÍCULOS DA VÍA PÚBLICA

ARTIGO 15.—Inmovilización de vehículos:

1.—A policía local poderá inmoviliza-los vehí- culos que se atopen nos seguintes supostos:

- Cando o conductor se negue a someterse ás probas para a detección da alcolemia, de consumo de psicotrópicos, estupefacientes, estimulantes ou substancias análogas, ou cando o resultado da proba fose positivo.
- Cando o vehículo supere os niveis de ruído, gases e fumos permitidos regulamentaria- mente.
- Cando os conductores de ciclomotores e mo- tocicletas circulen sen o obrigado casco ho- mologado.
- Cando ó vehículo se lle fixera unha reforma de importancia non autorizada.
- Cando o vehículo non esté autorizado a cir- cular.
- Cando a circulación do vehículo non esté am- parada polo correspondente seguro obrigato- rio.
- Cando haxa excesos de conducción ou mino- ración dos tempos de descanso (50%), ou ma- nipulación dos instrumentos de control.
- Cando o vehículo teña unha ocupación exce- siva de máis do 50%, agás o conductor.
- E en calquera outra circunstancia que legal- mente se estableza.

Para levar a cabo esta inmovilización, a policía local empregara medios técnicos que aseguren a mesma, tales como cepos e outros.

A inmovilización leva consigo uns gastos que están regulamentados nas taxas municipais, e o ti-

tular deberá garanti-lo seu pagamento como requisito previo ó levantamento da dita medida. Sen prexuízo do dereito de defensa que lle asiste e da posibilidade de repercutilo sobre a persoa responsable que dera lugar a que a Administración adopte a dita medida.

A inmovilización levarase a cabo no lugar que indique a Autoridade Municipal e non se levantará ata que non queden subsanadas as deficiencias que a motivaron ou se proceda á retirada do vehículo nas condicións que a Autoridade determine.

ARTIGO 16.—Retirada do vehículo.

*A.—*A Autoridade Municipal ou os seus Axentes poderán ordear a retirada da vía pública e o seu traslado ós depósitos establecidos ó efecto cando perturben gravemente a circulación ou constitúan un perigo ou risco para as persoas, os bens ou o funcionamento de algún servicio público ou cando poda presumirse racionalmente o seu abandono na vía. Non procederá a retirada do vehículo cando estea presente o conductor do mesmo e adopte, con carácter inmediato, as medidas procedentes para cesar na súa situación irregular antes do enganche do vehículo.

A este fin, o Axente da Autoridade, requerirá ó conductor, propietario, ou encargado do vehículo se se atopa xunto a éste, para que cese a súa irregular situación; e no caso da non existencia desta persoa ou de que non atenda ó requerimento, procederase ó traslado do vehículo.

O traslado dos vehículos ós depósitos establecidos ó efecto poderá realizarse directamente polo Ilmo. Concello ou por concesión a unha empresa privada.

*B.—*Consideranse causas que xustifican a retirada de vehículos aparcados na vía pública as seguintes:

1. Cando esté en lugares nos que constituía perigo.
2. Cando o seu aparcamento perturba gravemente a circulación de peóns ou vehículos.
3. Cando obstaculiza ou dificulta o funcionamento de algún servicio público.
4. Cando se ocasiona perdas ou deterioro no patrimonio público. Entenderase que o dito aparcamento ocasiona perda ou deterioro cando se efectúe en xardíns, setos, zonas arboladas, fontes e outras partes da vía destinadas ó ornato e decoro da cidade.
5. Cando se atopa en situación de abandono.
6. Cando esté en carrís ou partes da vía reservados exclusivamente para o servicio de determinados usuarios.
7. No caso de accidente que lle impida continuar a marcha.

8. No caso de deterioro que tivera obrigado a súa inmovilización.

9. Cando procedera legalmente a inmovilización pero non houbera lugar adecuado para practicala mesma sen obstaculizala circulación de vehículos ou persoas.

10. Cando esté en lugares reservados a servicios de seguridade ou urxencias.

11. En calquera outro suposto previsto na Lei ou nesta Ordenanza.

*C.—*A título meramente enunciativo, considerárase que un vehículo se atopa aparcado orixinando unha situación de perigo:

1. Nas curvas ou cambios de rasante.
2. Nas interseccións e nas súas proximidades.
3. Nos lugares nos que se impida a visibilidade dos sinais de circulación.
4. De xeito que sobresalga do vértice da esquina da beirarrúa, obrigando ó resto de conductores a variar a súa traxectoria, ou dificultando o xiro dos vehículos.

5. Cando se obstaculice a saída de emerxencia dos locais destinados a espectáculos públicos e entretenemento durante as horas de apertura dos mesmos.

6. Na calzada, fora dos lugares permitidos.

7. Nas medianas, separadores, isletas ou outros elementos de canalización do tráfico.

8. Nas zonas de pavimento sinalizadas con franxas brancas.

*D.—*Entenderase que o vehículo se atopa aparcado nun lugar no que perturba a circulación de peóns e vehículos nos seguintes casos:

1. Cando esté prohibida a parada.
2. Cando non permita o paso de outros vehículos.
3. Cando obstaculice a saída ou acceso a un inmovible ó través dunha pasaxe permanente.
4. Cando se impida a incorporación á circulación de outro vehículo correctamente aparcado.
5. Cando se atope aparcado en dobre fila sen conductor.
6. Cando invada carrís ou parte das vías reservados exclusivamente para a circulación ou para o servicio dos demais usuarios.
7. Cando se atope aparcado nos pasos de peóns, de diminuídos físicos ou nos pasos para ciclistas ou nas súas proximidades.
8. Cando se atope aparcado na beirarrúa, nas isletas peonís ou demais zonas reservados para peóns.

*E.—*O aparcamento obstaculizará o funcionamento dun servicio público cando teña lugar:

1. Nas paradas reservadas ós vehículos de transporte público.

2. Nas zonas reservadas para a colocación de contedores de residuos sólidos urbanos ou outro tipo de mobiliario urbano.

3. Nas saídas reservadas ós servicios de urxencia e seguridade.

4. Nas zonas de carga e descarga, sen autorización.

5. Nas zonas de aparcamento con horario limitado (zonas azuí), cando o vehículo careza da correspondente autorización, ou sobrepase o horario autorizado.

F.—Aínda que se atopen ben aparcados a Autoridade Municipal poderá retirar os vehículos da vía pública nas situacións seguintes

1. Cando estean aparcados nos lugares nos que esté prevista a realización dun acto público debidamente autorizado.

2. Cando estan aparcados en lugares onde se vaian realizar labores de limpeza, reparación ou sinalización da vía pública.

3. No caso de emerxencia.

G.—A retirada do vehículo levará consigo o seu depósito nos lugares que ó efecto estableza a Autoridade Municipal. O propietario do vehículo estará obrigado a satisfacer o importe da taxa establecida pola Ordenanza Fiscal correspondente, por traslado e estancia do mesmo, como requisito indispensable e previo á súa retirada, agás nos supostos de substracción ou nos sinalados no punto F do presente artigo, sen perxuízo do dereito que ten de interposición do correspondente recurso.

A retirada do vehículo do depósito municipal só poderá realizala o propietario do mesmo, ou persoa autorizada por éste.

H.—Serán retirados inmediatamente da vía pública pola autoridade Municipal todos aqueles obxectos que se atopen na mesma e non haxa persoa que se faga responsable dos mesmos, os cales serán trasladados ó depósito municipal.

De igual forma se actuará no caso de que o obxecto entorpeza o tráfico de peóns ou de vehículos, así como seo seu propietario se negara a retiralo de inmediato.

VEHÍCULOS ABANDONADOS

ARTIGO 17.—Poderá considerarse que un vehículo está abandonado se existe algunha das circunstancias seguintes:

1. Cando transcurran máis de dous meses dende que o vehículo fora depositado tra-la súa retirada da vía pública pola autoridade competente.

2. Cando permaneza aparcado por un periodo superior a un mes no mesmo lugar e presente desperfectos que fagan imposible o seu desprazamento

polos seus propios medios ou lle falten as placas de matrícula. Nese caso terá o tratamento de residuo sólido urbano de acordo coa normativa ambiental correspondente.

ARTIGO 18.—Os vehículos abandonados serán retirados e ingresados no Depósito Municipal. Os custes correspondentes de traslado e permanencia serán a cargo do titular do vehículo. O Titular será requerido para que no prazo de quince días retire o vehículo do depósito coa advertencia de que no caso contrario procederase ó seu tratamento como residuo sólido urbano.

MEDIDAS CIRCULATORIAS ESPECIAIS

ARTIGO 19.—Cando circunstancias especiais o requiran, a policía local poderá tomar as medidas oportunas de ordeación do tráfico, prohibindo ou restrinxindo a circulación de vehículos, ou canalizando as entradas a unhas zonas da poboación por determinadas vías, así como reordenando o aparcamento.

ZONAS DE PRIORIDADE INVERTIDA OU RÚAS RESIDENCIAIS

ARTIGO 20.—Poderanse establecer nas vías públicas, mediante a sinalización correspondente, zonas nas que as normas xerais de circulación para vehículos queden restrinxidas, e onde os peóns teñan prioridade en todas as súas accións.

As bicicletas tamén gozarán de esta prioridade sobre o resto de vehículos, pero non sobre os peóns.

PARADAS DE TRANSPORTE PÚBLICO

ARTIGO 21.—1. A Administración Municipal determinará os lugares onde deberán situarse as paradas de transporte público.

2. Non se poderá permanecer nestas máis tempo do necesario que para recoller ou deixar viaxeiros, agás as sinalizadas coma orixe ou final de liña.

3. Nas paradas de transporte público adicadas ó servicio de taxi, estes vehículos poderán permanecer unicamente á espera de pasaxeiros.

4. En ningún momento o número de vehículos poderá ser superior á capacidade da parada.

CARGA E DESCARGA

ARTIGO 22.—A carga e descarga de mercadorías deberá realizarse no interior dos locais comerciais e industriais, sempre que reunan as condicións axeitadas.

A apertura dos locais de esta clase que, pola súa superficie, finalidade e situación se poida presumir racionalmente que realizarán habitualmente ou con especial intensidade, operacións de carga e descarga, subordinarase a que os seus titulares reserven o

espacio interior suficiente para desenvolver estas operacións.

ARTIGO 23.—1. Cando as condicións dos locais comerciais ou industriais non permitan a carga e descarga no seu interior, estas operacións realizáranse nas zonas reservadas para este fin.

2. Unicamente se permitirá a carga e descarga fora das zonas reservadas, nos días, horas e lugares que se determine para diferentes barrios da poboación. As zonas de carga e descarga autorizaranse en precario e poderán ser suprimidas ou modificadas cando existan razóns do tráfico ou do interese xeral.

3. O horario de carga e descarga será establecido mediante Bando pola Alcaldía, e será de lúns a sábado, en períodos limitados de mañán e tarde.

ARTIGO 24.—En ningún caso os vehículos que realicen operacións de carga e descarga poderán efectualas nos lugares onde con carácter xeral esté prohibida a parada.

Tampouco poderán pararse total ou parcialmente nas beirarrúas, andéns, paseos ou zonas sinalizadas con franxas horizontais.

ARTIGO 25.—As mercadorías e demais materiais que sexan obxecto de carga e descarga non se deixarán sobre a calzada ou a beirarrúa, senón que se trasladarán directamente do inmovible ó vehículo ou viceversa.

ARTIGO 26.—As operacións de carga e descarga realizaranse coas debidas precaucións para evitar ruidos innecesarios e coa obriga de deixar limpa a beirarrúa.

ARTIGO 27.—As mercadorías cargaranse e descargaranse polo lado do vehículo máis próximo á beirarrúa, utilizando os medios necesarios para axilizar a operación e, procurando non dificultar a circulación, tanto de peóns como de vehículos.

ARTIGO 28.—A Alcaldía poderá determinar zonas reservadas para carga e descarga, nas cales será de aplicación o rexime xeral de estacionamento. Non obstante, atendendo a circunstancias de situación, proximidade a outras zonas reservadas ou frecuencia de uso, poderán establecerse variantes do mencionado rexime xeral.

Os vehículos que realicen operacións de carga e descarga e utilicen para elo as zonas reservadas para tal fin non poderán ocupalas por máis de trinta minutos seguidos.

As operacións de carga e descarga no casco urbano realizaranse con vehículos con PMA non superior a 3.500 kg.

As operacións de carga e descarga serán efectuadas por vehículos destinados ó transporte de mercadorías. Salvo o caso de vehículos turismos excepcionalmente autorizados polo concello para tal fin, para o cal terán que dispoñer da correspondente autorización outorgada pola Concellería de

Tráfico do propio concello. Esta tarxeta deberán de poñela no interior do vehículo, nun lugar ben visible dende o exterior (enriba do salpicadeiro), para os efectos de control. No caso de que o vehículo non teña a devandita tarxeta en lugar visible considerárase que non está autorizado para aparcar no dito lugar.

CONTEDORES

ARTIGO 29.—1. Os contenedores de recolleita de mobles ou obxectos, os de residuos de obras e os de lixo colocaranse naqueles puntos da vía pública que o órgano municipal competente determine, evitando calquer perxuízo ó tráfico.

2. Os lugares da calzada destinados á colocación de contenedores terán a consideración de reservas de aparcamento.

PRECAUCIÓN DE VELOCIDADE EN LUGARES DE AFLUENCIA

ARTIGO 30.—Nas rúas onde se circula só por un carril e en todas aquelas onde a afluencia de peóns sexa considerable, os vehículos reducirán a velocidade á adecuada e tomarán as precaucións necesarias.

As mesmas medidas deberán ser adoptadas no caso de choiva, mal estado do pavimento, presenza de charcos de auga, lodo,..., ou estreitez da vía. Os condutores dos ditos vehículos deberán evitar causar incomodidades ou danos ós peóns e ós demais usuarios da vía nestes casos.

CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS DE DÚAS RODAS

ARTIGO 31.—1. Os vehículos de dúas rodas circularán pola beiravía da súa dereita, sempre que fora transitable e suficiente, e se non o fora utilizarán a parte imprescindible da calzada, pola súa dereita.

2. Queda prohibida a circulación en paralelo de dous o máis vehículos de dúas rodas. Agás as bicicletas, que poderán facelo en columna de a dous, circulando todo o posible pola beira dereita da calzada, e colocándose en fileira en tramos sen visibilidade e cando forman aglomeracións de tráfico.

Excepcionalmente, cando a beiravía sexa transitable e suficiente, os ciclomotores poderán circular en columna de a dous por este, sen invadir a calzada en ningún momento.

2. As motocicletas e ciclomotores non poderán producir ruidos ocasionados por aceleracións bruscas, tubos de escape alterados ou outras circunstancias anómalas.

3. Non poderán circular en ningún caso por beirarrúas, andéns e paseos ou vías exclusivas para a circulación de determinados usuarios.

PERMISOS ESPECIAIS PARA CIRCULAR

ARTIGO 32.—Os vehículos que teñan un peso ou unhas dimensións superiores ás autorizadas regulamentariamente, non poderán circular polas vías públicas urbanas sen a pertinente autorización municipal.

As autorizacións indicadas no punto anterior poderán ser para un só viaxe ou para un determinado periodo.

As ditas autorizacións deberán ser solicitadas por escrito polo rexistro xeral do Concello, facendo constar na solicitude o itinerario previsto, horarios, vehículos utilizados, conductores e material transportado; así como copia das autorizacións administrativas que posúan.

TRANSPORTE ESCOLAR E DE MENORES

ARTIGO 33.—A prestación dos servicios de transporte escolar e de menores dentro da poboación estará suxeita á previa autorización municipal.

ARTIGO 34.—Na aplicación de esta Ordenanza, entenderase por Transporte Escolar o transporte discrecional reiterado de escolares en vehículos automóbiles públicos ou de servicio particular complementario, con orixe nun centro de ensinanza ou con destino a éste, cando a idade dun tercio, como mínimo dos alumnos transportados, referida ó principio do curso escolar sexa inferior a catorce anos, e o vehículo circule dentro do término municipal.

ARTIGO 35.—Considerarase transporte urbano de menores, o transporte non incluído no artigo precedente, realizado en vehículos automóbiles de máis de nove prazas, incluída a do conductor, sexa público ou ben de servicio particular complementario, cando como mínimo as tres cuartas partes dos viaxeiros sexan menores de catorce anos e o itinerario se efectúe só polo término municipal.

ARTIGO 36.—Deberán solicitar a Autorización Municipal, as persoas físicas ou xurídicas titulares dos vehículos ou do servicio, as cales adxuntarán á solicitude a documentación requerida pola lexislación vixente, e, no caso do transporte escolar, o itinerario que propoñan e as paradas que pretenden efectuar.

ARTIGO 37.—A autorización só terá vixencia para o curso escolar correspondente. E deberá solicitarse nova autorización por calquer modificación das condicións nas que foi otorgada.

USOS PROHIBIDOS ÁS VÍAS PÚBLICAS

ARTIGO 38.—1. Non se permitirá nas zonas reservadas ó tráfico de peóns nin nas calzadas, os xogos ou diversións que poidan representar un perigo para os transeúntes ou incluso para os mesmos que os practiquen.

2. Os patíns, patinetes, monopatíns, bicicletas ou triciclos de nenos ou similares, axudados ou non de motor, poderán circular polas beirarrúas, andéns e paseos, adecuando a súa velocidade á normal dun peón e estarán sometidos ás normas establecidas para éstos no artigo 9 de esta ordenanza.

3. Non se permitirá que nas vías públicas se realicen tarefas de lavado ou limpeza de vehículos.

4. Non se permitirá o aparcamento de vehículos na vía pública para a realización de actividades comerciais dos mesmos (compra-venda). Polo que estará prohibido que os vehículos cando estean aparcados na vía pública porten carteis anunciadores da súa venda; agás nos lugares de reserva de aparcamento previstos no artigo 12.10 desta ordenanza, polo tempo permitido no mesmo.

5. Non se permitirá o aparcamento de vehículos na vía pública con signos evidentes de estar pendentes de traballos de reparación. Entenderase como signos evidentes, entre outros, que lle falte ó vehículo algún elemento vital para a súa posta en marcha, ou que presente danos importantes na súa estrutura que impidan a súa circulación, ou similares e que como consecuencia afeen o entorno.

PUBLICIDADE

ARTIGO 39.—Prohíbese utilizar en vehículos megafonía ou calquer outro medio de publicidade sen a correspondente Licencia Municipal, sendo responsable a empresa, colectivo ou asociación anunciante, debendo proceder á súa inmediata retirada. O Concello ante a denegación do anunciante, poderá retirar-la publicidade de oficio, sendo os gastos a costa do anunciante.

Quedan exentos do pao de taxas os colectivos culturais, AA.VV. Apas, e similares.

Queda tamén prohibida a sinalización vertical nas beirarrúas e inmediacións da calzada, así coma nas árbores, farolas e elementos afectos ó tráfico.

ANIMAIS

ARTIGO 40.—Prohíbese a circulación de animais de tiro, carga ou cadeira, cabezas de gando ailladas, an manada ou rebaño, en todo o casco urbano. Prohíbese igualmente a circulación de vehículos de tracción animal polas vías urbanas, agás con Licencia municipal.

OBRAS E ACTIVIDADES PROHIBIDAS

ARTIGO 41.—1.

- a) A realización de obras e instalacións nas vías urbanas necesitarán a autorización previa da Autoridade municipal.
- b) Queda prohibido o depósito na vía pública de calquera clase de materiais e aparellos (tipo guindastres, materiais de obra, etc) sen a respectiva Licencia Municipal.

c) Cando para a realización destas ou outras sexa necesario corta-lo tráfico (total ou parcialmente) nalgunha vía pública de titularidade municipal, o promotor ou representante deberá presentar, con antelación suficiente, no rexistro do Concello unha solicitude por escrito na que consten tódolos datos identificativos, copia da licenza municipal da obra que se vaia realizar, plan de tráfico para a zona, e horarios e sinais que vaian empregar. Á solicitude engadirase copia do recibo do pagamento das taxas correspondentes.

2. Prohíbese arroxar, depositar ou abandonar sobre a vía obxectos ou materias que poidan entorpece-la libre circulación, parada ou estacionamento, facelo perigoso ou deteriorar aquela ou as súas instalacións, ou producir na mesma ou nas súas inmediacións efectos que modifiquen as condicións apropiadas para circular, parar ou estacionar.

3. Os que tiveran creado sobre a vía algún obstáculo ou perigo, deberán facelo desaparecer o antes posible, adoptando entretanto as medidas necesarias para que poida ser advertido polos demais usuarios e para que non se dificulte a circulación.

AUTORIZACIÓNS ADMINISTRATIVAS

ARTIGO 42.—Os condutores de vehículos quedan obrigados a estar en posesión e levar consigo o seu permiso ou licenza para conducir válido, así como o permiso de circulación do vehículo e a tarxeta de inspección técnica e/ou certificado de características, e deberá exhibir-llelos ante os Axentes da Autoridade que llelo soliciten.

ARTIGO 43.—Non poderá efectuarse ningunha proba deportiva, nin traslado funerario a pé, na vía pública sen a autorización previa dos servicios municipais correspondentes, os cales determinarán as condicións que, respecto ós itinerarios, medidas de precaución, etc, que se consideren oportunas.

ARTIGO 44.—As autorizacións e permisos municipais referentes a materias relacionadas con esta Ordenanza, poderán ser revocados polo Concello mediando causa xusta ou por non cumprí-los requisitos ou axustarse ás condicións do seu otorgamento.

AUTORIZACIÓNS PARA ENTRADA E SAÍDA DE VEHÍCULOS

ARTIGO 45.—Está suxeito a autorización municipal o acceso de vehículos ó interior de inmobles cando sexa necesario cruzar beirarrúas ou outros bens de dominio e uso público ou que supoña un uso privativo ou unha especial restricción do uso que corresponda a tódolos cidadás ou impida o aparcamento ou parada doutros vehículos na fronte pola que se realiza o acceso.

ARTIGO 46.—Obrigas do titular da pasaxe permanente: ó titular ou comunidade de propietarios correspondente lle serán de aplicación as seguintes obrigas:

1. A limpeza doas accesos de graxa, aceites ou outros elementos producidos como consecuencia da entrada e saída de vehículos.

2. Coloca-lo sinal de pasaxe permanente en zona visible da porta de entrada ou saída do inmovle, preferentemente no lateral dereito ou, no seu defecto, na zona central superior da fachada da porta. Excepcionalmente, naqueles inmobles con accesos de longo percorrido, permitírase que se coloque en barra vertical.

3. Á adquisición do sinal correspondente aprobada polo concello e, no seu caso, o pintado do bordillo con liña amarela que se autorice.

ARTIGO 47.—A autorización de entrada de vehículos será concedida pola Alcaldía previo informe da policía local.

As pasaxes permanentes poden ser de dous tipos:

— *Permanentes:* garaxes privados ou públicos, gasoleiras, aparcamentos públicos e edificios sedes de organismos oficiais ou sanitarios.

— *Laborais:* talleres mecánicos, obras, almacéns comerciais, concesionarios e/ou compra-venda de automóbeis, e outras actividades de características análogas. Neste caso a pasaxe terá un horario de 09.00h a 21.00h de luns a sábados agás festivos.

ARTIGO 48.—Sinalización. Están constituídos por dous tipos de sinalización:

— *Vertical:* instalación na porta ou fachada do sinal autorizado polo concello, no que constará o nº de identificación e a clase da pasaxe permanente.

— *Horizontal:* consiste nunha franxa amarela de lonxitude correspondente ó ancho da entrada, ou se é o caso, de lonxitude maior segundo conste na autorización. Excepcionalmente e sempre e cando así conste na autorización, poderá pintarse con liña amarela o tramo que esté enfronte da porta do garaxe, na lonxitude que estableza a autorización.

Os custes da sinalización descrita serán a cargo do solicitante, que se verá obrigado a mante-la sinalización tanto vertical coma horizontal nas debidas condicións.

Os desperfectos ocasionados polo uso da dita pasaxe na beirarrúa serán responsabilidade do titular da pasaxe concedida, e veranse obrigados a realiza-las reparacións pertinentes.

ARTIGO 49.—As autorizacións poden ser revocadas polo Concello nos seguintes casos:

— Por seren destinadas a fins distintos para os que foron outorgadas.

- Por ter desaparecido as causas ou circunstancias que deron lugar ó seu outorgamento.
- Por non paga-lo prezo público anual correspondente.
- Por incumpli-las condicións relativas a horarios ou carecer da sinalización adecuada.
- Por causas relativas ó tráfico ou circunstancias da vía pública.

A revocación dará lugar á obriga do titular de retirar-la sinalización, repara-lo bordillo da beirarrúa ó seu estado orixinal e entrega-la placa identificativa ó Concello.

PROCEDIMENTO SANCIONADOR

ARTIGO 50.—1. As infraccións ás disposicións de esta Ordenanza, serán sancionadas polo Alcalde, ou Concelleiro en quen delegue, con multa, de acordo coas contías previstas na presente Ordenanza.

2. O instructor dos diferentes procedementos sancionadores en materia de tráfico será nomeado directamente polo sr. Alcalde.

ARTIGO 51.—O pagamento de toda sanción que a súa tramitación corresponda ó Iltmo. Concello de Moaña, se se leva a cabo antes de que se dicte a resolución correspondente levará aparelado un desconto do corenta por cento da cantidade total da mesma.

ARTIGO 52.—Será de aplicación en todo o concerniente ó procedemento sancionador por infraccións á presente Ordenanza o RD 320/1994 Regulamento de procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, e calquera outro que o modifique, actualice ou substitúa de acordo coa lexislación vixente.

AUXILIARES DA POLICÍA LOCAL

ARTIGO 53.—Os auxiliares da Policía Local de Moaña poderán formular denuncias de tráfico nas vías ás que se refire a presente Ordenanza, sempre que estean acompañados dun policía local que deberá asinar tamén a dita denuncia.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

De conformidade coa Lei de Seguridade Vial, o cadro sinóptico referente ás sancións por infraccións ás normas contidas na presente Ordenanza Municipal de Circulación será aprobado pola comisión municipal de goberno do Iltmo. Concello de Moaña. Sendo igualmente a mesma Comisión o órgano competente para fixa-las modificacións que sobre o citado cadro procederan.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

En todo o que non regule especificamente esta Ordenanza, será de aplicación o Regulamento

Xeral de Circulación, e calquera outro que desenvolva a Lei de Tráfico e Seguridade Vial.

Así mesmo con respecto á sanción das infraccións á dita Lei e ós Regulamentos que a desenvolven, sempre e cando non estean especificamente reguladas na Ordenanza Municipal de Circulación, seguirase o establecido pola Dirección Xeral de Tráfico na relación codificada de infraccións.

Moaña, 3 de Outubro de 2006—o Alcalde, Xosé Manuel Millán Otero. **2006009350**

* * *

MONDARIZ

E D I C T O

Solicitando desta Alcaldía dona Lucía Costas Gómez en representación de Blancost, S.L., licencia Municipal para a apertura dun local destinado a oficina a situar en rúa José Antonio, 36 baixo, de Mondariz, sométese a información pública por período de dez días hábiles, co fin de que durante o mesmo—que comezará a contarse dende o día seguinte da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia— poidan examina-lo expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Mondariz, 6 de outubro de 2006.—O Alcalde, ilexible. **2006009531**

* * *

O PORRIÑO

E D I C T O

Reciclajes Aragoneses, S.A., solicitou desta Alcaldía, licencia municipal de acondicionamento e actividade para a apertura dun establecemento dedicado a almacenamento temporal de papel e cartón, a situar na Estrada de Salceda, s/n, Atios, desta localidade, cumprindo o disposto polo apartado a), do número 2 do art. 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas de 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por período de dez días hábiles, a fin de que durante o mesmo—que empezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia— poda examinarse o expediente AM/48/06, na Secretaría deste Concello, sección de urbanismo, polas persoas que de algún modo se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

O Porriño, 9 de outubro de 2006.—O Alcalde, Raúl Francés Rodríguez. **2006009652**